



## Medos Romero

### O ulido do sexo a peixe

Pasou o ferrollo volvendo a sentarse no outro extremo da mesa, no seu lugar, onde el exerce cos mesmos xestos a súa postura de poder. Con acenos indicoulle que se fose despoxoando de todo. O único agradábel e o que máis os diferencia era aquela calor que ás veces lle facía rabiarse as mans. Ela estaba fría coma un caramelo. Deixou a modo no chan o plástico grande, as botas de goma e o gorro mollado. El ordenoulle que bulise, e ela sentiuse miseria. Non fixo falla que lle dixese nada máis. El retirou de golpe a cadeira para atrás, desagolletou o cinto, baixándose só a medias o pantalón, un pantalón impecábel, de raia perfecta. Meteulle a cabeza a puxón entre das pernas mentres lle ía colocando nas mans aqueles guantes negros e sedosos que gardaba no caixón da dereita. Xemía de gosto. Gustábanlle así, putas e caladas. Botouna contra da mesa e por detrás golpeouna violentamente repetidas veces ata que rematou nun laio e naquel asubío de bronquios e fatiga. Ela vestiuse á présa e sentiu un odio que a cegaba. El sentiuse como a primeira vez. Dende entón sedúceo o ulido do sexo a peixe, aquel ulido quedo da carne e da miseria.